"O Serrido" Cambados

Os Roteiros "O Serrido", son visitas guiadas para escolares pola beiramar nas que se lle amosa o traballo das mariscadoras, a través de diversas actividades e xogos.
Asistíu o Alumnado de 3º. Luns 19 de outubro.

MIGUEL. 3ºA

O día 19 de outubro fomos de excursión a Cambados.
Cando chegamos recibíronnos unhas mariscadoras. Primeiro foos a un almacén onde habia moitas botas de auga clasificadas por tallas. Con elas postas, fomos ata o Serrido. Alí Ana, a mariscadora, ensinounos as diferentes clases de ameixas e como se collían.
Logo fomos ao ponto de control onde pesaban as ameixas e unha máquina as clasificaba segundo o tamaño. Ao rematar a visita, leváronnos a un parque onde comimos e xogamos.
Pola tarde visitamos a lonxa, unha nave de redeiras e unha depuradora.
Na lonxa vimos como se subastaba o peixe e o marisco.
Na nave de redeiras déronnos unhas boias que se colocan nas redes para que floten. Na depuradora vimos caixas con marisco metidas en auga á que lle votaban produtos para limpar.

Finalmente regresamos ao colexio.
Paseino moi ben!

Estación meteorolóxica

Este ano, nós, os nenos e nenas de 5º, somos os encargados do colexio de recoller os datos da estación meteorolóxica que hai no patio.
Cada mes vai un grupo o A, B ou C. De cada grupo, cada día ás nove da mañá, antes de que comecen as clases, tres nenos e nenas baixan a apuntar os datos que quedan recollidos n os seguintes aparatos: o termómetro, higrómetro, barómetro, anemómetro e o pluviómetro.
Co termómetro medimos a temperatura e anotamos a máxima e a mínima diariamente.
Co higrómetro o nivel de humidade, co barómetro a presión atmosférica, co anenómetro a velocidade do vento e co pluviómetro a cantidade de choiva caída.
Para poder comparar, todos os días anotamos as medidas nun papel moi grande, separado que se chama estadillo.
Este noso traballo de todo un mes, queda nos taboleiros que hai na planta baixa e na segunda do colexio, por se algún día queredes miralo!

5ºC

Os tres porquiños

"É a sorte de ser un porco!" Era o que decía un dos tres porquiños cando aproveitaba a comida do chan.
Chamábanse: Cochinillo, Guarranete e Tocinillo... ou non? Mmmm! Tocinete, Marranete e Cochinete... Buf! Que lío! Eso sí, moi simpáticos os tres. Sen esquecernos de Papá Cerdo e do can vixiante que co seu GUAU! GUAU! E GUAU! nos facía rir... Sobre todo cando ulisqueaba e... PIIISSSSS!! Marcaba terreo!
Asisteu o alumnado de 4 anos.

Danthea Teatro
ARTeria Noroeste
Santiago